



## “Galicia é un país cun vínculo tan forte coa Idade de Ferro que até Feijóo vive agora nun castro”

[Alberto Ramos](#) 27 de outubro de 2013

<https://praza.gal/cultura/lgalicia-e-un-pais-cun-vinculo-tan-forte-coa-idade-de-ferro-que-ate-feijoo-vive-agora-nun-castror>

Entre a divulgación, a historia e fantasía móvense Manuel Gago e Manel Cráneo no seu novo proxecto conxunto. Trátase de *Vento e Chuvia. Mitoloxía antiga de Galicia*, un libro editado por Xerais no que os dous autores botan a vista atrás, até a Idade de Ferro. Gago levaba máis de vinte anos madurando a idea deste libro no seu caletre, unha idea que buscaba deitar luz sobre unha parte da cultura do país esquecida por todos ou case todos: os deuses da idade do ferro. Nesta obra. Gago descríbennos as dez deidades máis espalladas polo territorio e Manel Cráneo acompañaos na aventura cun feixe de ilustracións que procuran dar corpo a estes deuses e, tamén, recrear a época en que divinidades como Reve, Nauia ou Berobreos gobernaban o particular panteón da época neste recanto de Europa. Vento e Chuvia móvese nestas coordenadas, mais é moito máis ca un libro, é un proxecto que vai máis aló da palabra escrita nun libro. No web [www.ventoechuvia.com](http://www.ventoechuvia.com) ofréceneselles aos lectores unha morea de contidos diferentes, dende making of, roteiros, mapas, gráficas até historias diferentes ás que veñen no libro.

A súa singular presentación celebrarase o próximo 30 de outubro na Igrexa da Universidade de Santiago, nun acto en que ademais dos autores participarán intérpretes como Belén Constenla, Anabel Gago, Quico Cadaval ou Avelino González para darlle corpo e alma as historias destes deuses. Praza xunta a Manuel Gago e Manel Cráneo para falar nunha ampla entrevista sobre este proxecto.

**Ao final, chegastes en prazo? Dígoo porque a entrevista tiñámola prevista para hai unhas semanas e foise atrasando...**

MANUEL GAGO: [Risos] Non sei se chegamos ao final ou realmente comezamos.

MANEL CRÁNEO: Eu creo que estamos comezando... Chegar, chegamos ao principio.

GAGO: A ver, nós pensamos que este é un proxecto cuxa filosofía é ir máis alá do soporte. As historias comezan a aplicarse, en parte, nun formato libro, pero tamén en *merchandaising*, noutros soportes e tamén noutros proxectos.

MANEL: O libro é o corazón que bombea cara á outras cousas. Unha peza a partir da cal hai outros produtos detrás.

### **Como o web, non?**

GAGO: Efectivamente. En realidade, o libro é moi aberto. Ten moitísimas formas e hai partes que, curiosamente, cóntanse fóra do libro. Para comezar, a propia portada que deseñou Manel. A historia que se conta nesa portada está contada no web, non no libro. E para poder acceder a ela, precisas un código que teño que manuscibir eu.

### **Soa a complot...**

GAGO: Pois si, entre nós e o lector. A min esta idea vénme do libro anterior, de *Herdeiros pola forza*... A ver, eu a experiencia que tiveron co papel, sempre foi académica. Manel ten moitísima experiencia na impresión de papel, pero eu só académica. Entón, cando con Xurxo Ayán fixemos *Herdeiros pola forza*, a min chamoume moitísima a atención unha cousa. Chegoume un home que me pediu que llo dedicase a Noelia e Marcos. Eu pregunteille quen eran eles e díxome que os seus fillos, que tiñan tres anos. O libro, de súpeto, convertíase en patrimonio ao dedicarllelo aos seus fillos, para que no futuro fosen conscientes de que tiñan un libro personalizado. Para un escritor, isto pode ser habitual, para min era algo marabilloso...

MANEL: É unha práctica habitual para moita xente.

GAGO: O libro é unha experiencia física, entendémolo así e por iso quixemos facer algo máis, achegar máis cousas que non se poden dar simplemente no papel. Os making of, os vídeos de como se executan os bocexos, mapas, roteiros familiares... Esas cousas no papel non entrarían... Daquela, por que non iamos ir máis alá?

MANEL: No web hai dúas zonas restrinxidas. Hai un código que vai impreso no libro, que son os extras para a xente que mercou o libro. Ese sería o primeiro nivel. Xusto debaixo dese primeiro código, hai un espazo en branco onde Gago escribirá o código secreto para o lector que teña diante na sinatura do libro, para entrar nese segundo nivel...

GAGO: Todo o libro é así, con niveis, con formas de interpretar os relatos. O propio Manel interpretou o relato de xeitos particulares. E así, cando o leu, veu cousas que eu non vira até ese momento. Son elementos que suman dende a ilustración...

MANEL: Para min foi a primeira vez que, en vinte anos nesta profesión, traballo cun escritor ao nivel que traballei con Manuel. Quero dicir que foi un proceso de retroalimentación total. Polo xeral, calquera editor che planta unha novela diante e diche: tes que ilustras isto. A meirande parte das veces que fixen isto, nin cheguei a falar co escritor nin verlle a cara. Chégache un PDF á casa, les o libro, interpretas, sacas as ilustracións que che encargan e xa está. Con Manuel foi un traballo de retroalimentación, falamos do proxecto xuntos e buscamos a partir de aí unha editorial. Atopamos a Xerais e estamos moi contentos.

GAGO: Se falamos do mundo que se relata e ilustra no libro, temos un mundo... Mellor cun exemplo... Como fai Tolkien a súa historia? Tolkien colle determinados personaxes do folclore popular europeo, como poden ser os elfos ou os tragos, e méteos nun mundo inventado. Aquí que temos? Pois un mundo real, até onde podemos saber a nivel científico, onde hai uns deuses

que son reais e a partir de aí, engadímoslle a fantasía. O libro ten moito desa imaxe propia da arqueoloxía de cando vas a un castro e ves unhas táboas polo medio do muro. Cada unha delas indícache até onde se escavou, até onde se encontro e, despois, o que foi restituído con posterioridade. Este libro é así. Digamos que temos un mundo real, repito que até onde podemos saber a nivel científico, onde aparecen nomes reais que a xente tiña nesa época ou de lugares determinados que existiron. Aí temos unha base real clara e, a partir de aí, xorde a fantasía. Iso, a nivel das ilustracións, creas un mundo concreto a través de darlle voltas e voltas ao asunto...

MANEL: Houbo que xerar un mundo partindo dos datos históricos, arqueolóxicos, etc. E traballar con Gago, nese nivel, é un puntazo, porque controla moito este home. Entón, estar ben asesorado nun proxecto tan complicado coma este foi fundamental. Eu creo que aquí se fixo un traballo que conecta moi ben a parte da arqueoloxía coa a parte da tradición, que moitas veces se nos presentan desvinculadas. Nós metémonos pola vía do medio en *Vento e Auga*.

GAGO: E non nos enganemos, está aí a parte de fantasía. Temos que ter claro que isto é unha viaxe intermedia entre a divulgación e a fantasía. Como digo, hai un mundo real e no relato incluímos, ademais, unha morea de notas a pé de páxina para axudarlle á xente a distinguir que é real e que non.

#### **A distinguir eses estratos, como no muro dos castros.**

GAGO: Efectivamente. Ademais, paréceme un traballo fundamental por un motivo. Cando preguntaba por aí, coma nunha sorte de enquisa, que deuses prerromanos coñecía cada quen, normalmente me respondían: “Ah, pero non adoraban as pedras e mais os ríos?” E iso é como dicir que, se falas dunha catedral, a xente adora as pedras. Unha catedral ten unha estrutura relixiosa detrás, unha cosmovisión. E nós descoñecemos case toda a cosmovisión desa época, da Idade do Ferro, e ten moito que ver coa compartición do coñecemento científico. É dicir, os arqueólogos traballan cun material, despois os estudos da historia antiga traballan ao seu nivel, os lingüistas van polo seu lado, os antropólogos igual... E hai pouca comunicación entre eles.

Por iso, acontecen cousas como as dos deuses prerromanos. En Galicia, temos o 70% dos nomes de deuses prerromanos de toda a península Ibérica, pero non aparecen nos castros; aparecen nas aras romanas, achadas entre os séculos XVIII e XIV, e que agora están polas igrexas ou nos pazos. E toda esa información non está conectada, polo que ao final en moitas ocasións reducimos o mundo dos castros a un mundo de pedras. E non nos decatamos de que toda esa xente tiña unha cosmovisión impresionante, unha estrutura do mundo, todo un conxunto de lendas e de soños. E todo iso, en parte, pódese coñecer. En parte, é transparente. Pódense conectar e, a partir desa conexión, desa base, creamos a imaxinación. O que fixo Manel foi darlle moita coherencia ao mundo que reflectimos dende o punto de vista gráfico. Desde esa dimensión, creouse un mundo da fantasía moi galega. Que quere dicir iso? Unha fantasía que non é exuberante, non coma os mitos hindús. Pensemos nos mouros, na súa historia. Viven baixo terra, si, pero teñen un taberneiro que lles dá o ribeiro. É dicir, é unha fantasía moi cabal. E neste libro respéctase iso.

MANEL: Unha das primeiras cousas que dixen ao ler o texto foi: “Manolo, estes deuses son moi humanos” [risos]. Cheiran humanidade por todas partes. Realmente, en todas as culturas e en todas as mitoloxías, os deuses teñen algo humano, para que as persoas se identifiquen dalgún xeito con eles.

GAGO: De feito, case non se sabería da súa divindade se non fose por un ou dous atributos que poden ter.

### **Canto ten que ver *A torre dos Mouros*, este proxecto que compartiron hai un par de anos, na saída de *Vento e Chuvia*?**

MANEL: Se non fose por ese proxecto, eu non faría *Vento e chuvia*. Gago si que o tería feito, porque leva vinte anos coa idea na cabeza. *A torre dos mouros* foi un proxecto moi humano a todos os niveis, porque foi un proxecto que partiu do voluntariado. A nivel humano, a min servíume para contactar máis con Gago, que nos coñecíamos dende hai tempo, mais non traballáramos nunca xuntos.

GAGO: A min de Manel gustárame moito *Lobos de Moeche* e sabía que lle gustaba a temática histórica. Gustábame o tratamento de *Lobos de Moeche* e o que buscábamos en n' *A Torre dos Mouros* era un creador, un narrador visual, que dalgunha maneira puidera empatizar co proxecto. E, sobre todo, gustoume ese interese, moitas veces pouco presente, polo rigor, pola preocupación nos detalles estéticos, mais tamén humanos. Ao final, coincidimos nunha cousa: importábanos máis como eran as persoas de aí dentro cás estruturas, cós castelos, cós combates....

MANEL: Queríamos contar a vida que estaba alí. Como vivía esta xente para crear esa fortaleza; como era o seu día a día, como era a súa vida cotiá... Representar esa realidade social, que conectaba totalmente coa realidade social da actualidade do propio proxecto. A partir de aí comezou a learnme Gago para o seguinte proxecto, para este *Vento e chuvia*.

### **Como se redescobren estes deuses da Idade do Ferro en Galicia?**

GAGO: É un mundo fascinante. Na arqueoloxía, que se centra no material da época, aparecen moi poucos datos sobre os deuses. Debían ter outra maneira de comunicalos. Pero dáse un proceso curioso cando chegan os romanos. A xente comeza a escribir de forma vacilante a súa lingua, mesturando co latín. E eles seguen a adorar os seus deuses e durante moito tempo. Daquela, nas pezas romanas eles falan dos seus propios deuses. Mesmo os caracterizan e os definen. Todo iso é un caudal de coñecemento enorme que, en círculos académicos, se está a traballar moitísimo dende fai cincuenta anos. E en toda Europa... O caso é que é un mundo restrinxido e especializado, moi difícil e dixerir. O meu traballo, ao que me dedico dende hai moitos anos, céntrase na divulgación e este é un tema que me fascinou sempre e practicamente lin toda a bibliografía existente que hai sobre deuses galaicos.

Estou a lembrar unha historia de hai dous ou tres anos. Fomos a Vilar de Perdizes, entre a fronteira de Galicia e Portugal. Alí, no Monte Larouco, unha montaña especial, en tres puntos diferentes atopamos altares ao deus Reue Larouco, que falan del como Optimo ou Maximo, que o equiparan ao deus superior. Aparece moitas veces caracterizado así. E fomos alí porque un amigo, Miguel Losada, dixo que tiñamos que ver unha cousa. E chegamos a un cura moi especial, moi coñecido no norte de Portugal, que se chama o Padre Fontes. Ese crego ensinounos unha escultura que tiñan na igrexa. Baixo o coro, tiñan unha figura apirolante, unha especie de ser con costas moi amplas, un martelo e un pene do tamaño... Moi ben dotado o paisano. Eu quedei alucinado e pregunteille ao padre Fontes que pensaba diso e dixome: "Este é o meu deus. O deus no que creo. Vivo, forte"

MANEL: Un cura cristián dicindo iso impresiona.

GAGO: Despois, quedei con Marco García Quintela, que fai o epílogo do libro, ensineille as fotos da figura e dixo: é o Dagda, principal deus do panteón irlandés. Era un ferreiro, propietario da tecnoloxía. O deus superior adoita ser o dono da tecnoloxía máis avanzada, nese caso a

produción do ferro. E o Dagda ten un pene moi grande, que vai rozando pola herba. Era a mesma figura, máis ou menos. E pensei que aquela figura tiña un poder narrativo brutal e vin que era o momento de cristalizar isto. A xente non o coñecía e había que contalo, porque Galicia é un país con tal vínculo co mundo da Idade de Ferro que até Feijóo vive hoxe nun castro.

**Xa teño titular simpático: Feijóo vive nun castro.**

GAGO: Pero é así, é así, deseñouse así. Portela fixo así a casa do presidente da Xunta. Galicia é un país cun vínculo moi forte coa Idade do Ferro, pensemos que case todas as vilas de Galicia están ao pé dun castro. Precisamos que a mitoloxía sexa máis coñecida, hai un gran baleiro a nivel divulgativo.

#### **Até cando se mantiveron eses deuses?**

GAGO: É unha boa pregunta. Os deuses que teñen que ver co mundo guerreiro deberon desaparecer máis cedo. Por exemplo, Cossue, que era un deus vencellado á guerra, ese deus debeu desaparecer cando o contexto mudou. Non obstante, hai outros como Berobreos, que era un deus que adoraban no Monte Facho de Donón, que aguantaron moito máis. As divindades relacionadas coa saúde, coa familia, as que teñen que ver con ese tipo de elementos perviven máis. Até tal punto que Martiño de Dumio fai unha encíclica dicindo que os que viven acó eran todos uns pagáns no século IV, cando en principio Galicia xa estaba cristianizada. En realidade, creo que eses deuses seguen a estar, pero agora agochados nos santos. Parte deles nunca marcharon, pero agora están camuflados con auréolas e baixo retablos barrocos. Hai algúns que foron desaparecendo porque a sociedade, que os precisaban nun determinante momento, xa non existía.

#### **Manel, debuxou vostede un deus cun membro tan grande?**

MANEL: En principio, si, pero houbo que facerlle unha mutilación [risos]. Tiñamos unha ilustración, pero co Reve Larouco fomos sutil...

GAGO: Pero hai que pensar que todo isto pertence á mentalidade do ferro, non da católica. A sexualidade era moi diferente á actual, loxicamente.

MANEL: E hai que entrar nese concepto. Por outra banda, a min non me gusta ser explícito no debuxo. Se di o texto que ten un rabo grande e debuxas un rabo grande, non ten moito sentido... Podemos ser sutís. Se xa estás lendo iso, para que debuxalo tamén? Se estás vendo o Reve Larouco nun outeiro sentado de costas, xa sabes que detrás hai un rabo. Isto mantense en todo o libro. Hai que suxerir, non ensinar as cousas que xa están no texto. A ilustración debe sumar. Desa concepción saíu o tema da cuberta, esta historia que está fóra do libro... É retrolalimentación todo o libro.

#### **Como se plasman en ilustracións uns deuses?**

MANEL: Tivemos conversacións moi divertidas. Este coa pinta de fulano de tal [risos]. Buscamos referencias do mundo real.

GAGO: Despois, temos unha referencia moi importante para nós. Non sei se lembras dunha colección que tiña Xerais chamada *Deuses, Heroes e Mitos da Mitoloxía...* e tiñan africana, americana, celta, etc. Toda a xente da miña xeración lembra esa colección, era apirolante. E por que non había unha da mitoloxía galega? En certo xeito, este libro é unha homenaxe a esa colección, coa que aprendemos a mitoloxía en galego cando eramos novos. E tamén quero dicir

que resulta especial publicar o libro este ano porque se cumpren vinte anos da mellor novela que se escribiu sobre o mundo castrexo, que é un mundo totalmente desaproveitado para a literatura galega. Falo do libro de Xoán Bernárdez Villar Ouveade naves de Tarshis, un libro que avanzaba xa cousas que despois a ciencia descubriu.

MANEL: Se queres vemos unhas poucas ilustracións.[Manel Cráneo saca unha tablet e amosa unha serie de debuxos] Aquí temos as primeiras ilustracións do libro, un libro no que tamén se contan as dúas etapas dos deuses. Porque teñen como etapas, os primeiros son animais, sinxelamente...

GAGO: Porque hai que facerse unha pregunta: Esta xente como percibía o seu propio pasado? Pois no seu pasado pesa moito a alimentación. É dicir, os deuses son animais de caza. Temos que pensar que a fame sempre tivo moito peso no imaxinario colectivo.

MANEL: Por iso os primeiros deuses son animais e, nunha segunda xeración, xa teñen vinculación ao factor humano. Moitos deuses conservan esa primeira natureza humana. Hai un que se transforma en oso cando se enfada, mentres que Nauia, por exemplo, ten cornos de cervo. É unha forma de conectar a primeira xeración animal coa seguinte.

### **Iso pasa en todos os panteóns, non? Os deuses en Exipto, os deuses máis antigos da India...**

GAGO: Si, os galeses expresábano moi ben no Mabinogion, que o gran conxunto de relatos da mitoloxía galesa, esa relación coa natureza. O mabigionion é unha árbore, e as pólas son os relatos. [Manel ensina unha imaxe dun corvo] Ese é Graio, o pregoeiro dos deuses. É un paxaro moi sabio, vinculado ao moderno. Un auténtico mensaxeiro dos deuses.

MANEL: [Amosa a ilustración 1] E aquí temos un tesouro, cunha serie de pezas. Todas elas son reais, reproducións exactas de pezas conservadas. Pódense visitar e coñecer.

GAGO: Algunhas destas agora están en perigo. Son da colección Álvaro Gil, que ten un problema de carallo. As pezas foran cedidas á Deputación de Lugo por Álvaro Gil, filántropo do século XX, e resulta que os herdeiros reclamaron a propiedade e gañaron o preito. Son deles e falamos de pezas por un valor de 3 millóns de euros. Agora mesmo poden retirar as pezas do Museo cando queiran. Iso sería unha perda grandísima para o patrimonio cultural galego

MANEL: Podemos contarche tamén como está organizado o libro ao redor das ilustracións...

### **Por suposto.**

MANEL: Pois mira, xeramos unha pauta pola cal todos os capítulos abren co retrato dun deus. Pero despois, nas ilustracións propias do capítulo non teñen nin por que aparecer. Despois, recreámonos en personaxes secundarios que interactúan e que queremos darlle un protagonismo especial. De entrada, o lector ten a cara do deus xa na mente. E despois cada quen entra no relato coa idea feita. Unha cousa moi boa que facía Gago no texto era que nalgúns casos dábase unha descrición física dun deus moi completa e noutros casos, pois non. Por aí podías entrar e facer a ilustración con maior liberdade... A min servíame moito o traballo de Gago, porque é moi completo pero, ao tempo, déixache baleiros para a ilustración...

GAGO: É que o texto está formulado como se fose a unha casa de ferro pola noite e puxera a gravadora. Hai cousas que están sobreentendidas e é aí onde entra Manel a saco. Manel axuda o lector no que o texto non di, porque o texto ten que ser veraz e natural ao tempo e sempre conforme ao mundo que recreamos.

MANEL: Nalgúns casos, iso xeroume momentos de tensións [risos], porque se cadra Manuel tiña unha idea sobre esta deusa e vou eu por outro camiño. [risos] Foi un traballo de bocexos previos e fomos mirando todo entre os dous. E ás veces xurdían problemas...

GAGO: Como coas Sulas Nantugaicas.

MANEL: Esas son tres mulleres, tres deusas, que xa estaban aquí cando todo comezou e estarán aquí cando todo remate. Son nenas e ao tempo son avoas e son nais. E se me atragoaron. Foi chegar ao retrato desta xente e non sabía como seguirilles o paso...

GAGO: Uns dirían que son novas, outras dirían que son vellas. Outras que son guapas outras que son feas...

MANEL: O concepto era tan aberto, era tan multiconcepto que non sabía como facelas. A solución, ao final, foi facelas dunha maneira ao principio, como xente nova de entrada e na segunda parte do relato, avellentadas [Mirar ilustración 2] E adiantámosche esta última ilustración, porque me pareceu un momento dramático moi potente.

Esta criatura, que parece o malo máis malo da historia, crea unha sensación diferente á que esperas ao ver o debuxo. Porque de súpeto ves as súas fillas histéricas cando morre o pai e pensas que non é tan malo como parece, nin tan malo como o deus da historia. Ese deus é Berobreos e acabas coa sensación de que é un cabrón. Solidarízaste co monstro.

GAGO: As fillas son as moiranas, que non son sereas exactamente, non son das que enganan os mariñeiros. Estas fan ao revés. Sentan cos mariñeiros, dánlles consolo até que caen no seu encanto. A criatura esta chámase Brumne. A súa historia deste monstro pasa no século II antes de Cristo e non é casual, é un momento castrexo tenso, porque comeza a desaparecer o igualitarismo. Sempre fora un pobo reacio á escravitude, pero nese momento xorden algunhas elites. É un conflito social moi importante, sobre todo na costa. Nas zonas da costa, créanse desigualdades sociais e iso reflíctese nestas historia. Esta historia escribímola en pasado, pero escribímola tamén en presente. Ten moito que ver coa loita do público e do privado. Gústame comparalo coa época que vivimos na actualidade, nun momento en que o público esmorece. O libro contáxiase diso.

### **Cantos deuses temos aquí?**

GAGO: En total, son dez: Reue, Bandua, Nauia, Cossue, Lugoue, Berobreos, Poemana, Bormanico, as Sulas Nantugaicas e o Vestio Alonico

### **Por que eses e non outros?**

Porque son os deuses máis estendidos. O Reve estivo moi espallado, Nauia estivo moi estendida tamén e Cossue, tamén. Eran os deuses máis implantados nos territorios de Gallaecia. E despois, hai outra cuestión interesante da que hai que falar: en Gallaecia está o 70% dos teónimos da península. Que se agocha detrás disto? Son deuses diferentes ou os nomes diferentes do mesmo deus? Son as dúbidas que trae Marco no libro. En todo caso, estes dez son os máis estendidos na antigüidade.